

MOCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE OBRADOIROS DE EMPREGO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do establecido na lexislación vixente, a través da súa portavoz Dona María Elena Estévez Freire, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación no Pleno da Corporación **MOCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE OBRADOIROS DE EMPREGO** baseada na seguinte,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os últimos vinte e dous anos, en Bueu realizáronse dous obradoiros de emprego remunerados –un no ano 2002 e outro no 2010–, para o que se habilitou co segundo obradoiro un espazo formativo na nave municipal do Polígono Industrial. Estas dúas iniciativas supuxeron un revulsivo a nivel económico e formativo para as persoas inscritas, que percibiron o Salario Mínimo Interprofesional por formarse e realizar un labor que redundou en beneficios para a sociedade –por exemplo, o obradoiro do 2002 permitiu arranxar o lavadoiro de Amieiras como actividade formativa–.

Desde hai máis de 10 anos, o Concello de Bueu non impulsou ningún tipo de proposta desta índole, a pesar de que estas iniciativas teñen un financiamento case total supramunicipal, posto que é a Xunta de Galicia quen aporta fondos para a súa realización. Así, o executivo autonómico, a través da Consellería de Emprego e Igualdade, facilita dous modelos diferentes: os obradoiros duais de emprego e os obradoiros de emprego para persoas mozas. Dentro das diferentes actividades que encaixan nestas iniciativas da Xunta hai propostas de recuperación de patrimonio, especialidades forestais, de mellora das condicións de vida das vilas etc.

Estes obradoiros achegan un beneficio moi notorio para todas as participantes, posto que, no caso dos obradoiros duais, as persoas que están desempregadas poden formarse durante 9 meses cobrando o SMI e unha paga e media extraordinaria, ademais de estar dada de alta no réxime da Seguridade Social, o que supón un impulso notorio de cara á inserción laboral das persoas formadas. O Concello de Cangas, por exemplo, impulsou un obradoiro con dúas especialidades no ámbito forestal, beneficiando a 20 persoas que participan, entre outras, de colaboracións coas Comunidades de Montes da vila, mentres que o Concello de Lalín abordou un obradoiro centrado en tarefas de mantemento do Paseo do Río Pontiñas, con

módulos de carpintería e conservación e mellora de montes, realizando numerosas actuacións no entorno.

A consecución destes obradoiros implica, loxicamente, un traballo planificador do Concello de Bueu, polo que é preciso que o goberno local se comprometa a levar a cabo unha iniciativa deste tipo, que no caso dun concello coma Cangas supuxo (co obradoiro dual), un investimento de 346.946 euros e a contratación de 20 persoas desempregadas cos conseguintes beneficios económicos, laborais e sociais.

Polo exposto anteriormente, o Grupo municipal do Partido Popular solicita ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

ÚNICO- Instar o goberno local a realizar as indagacións e xestións necesarias para solicitar e realizar un obradoiro de emprego na nosa vila que redunde nun beneficio económico, formativo e de inserción laboral para as persoas participantes.